

BASES E CONVOCATORIA DE BOLSAS PARA A ADQUISICIÓN DE LIBROS DE TEXTO E MATERIAL ESCOLAR DESTINADOS AO ALUMNADO DO 2º CICLO DE EDUCACION INFANTIL CURSO 2025/26

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A Constitución Española de 1978 consagra, no seu artigo 39, o deber dos poderes públicos de asegurar a protección social, económica e xurídica da familia.

Pola súa banda, o Estatuto de Autonomía de Galicia lexitima a actuación lexislativa da Comunidade Autónoma no campo da protección da familia, infancia e adolescencia, nos títulos competencias xenéricas de asistencia social e de promoción do desenvolvemento comunitario. (Art. 27 EAG)

A normativa de réxime local, no artigo 25.1 da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime local (LRBRL) e o artigo 80.1 da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración local de Galicia (LALGA) prevé que os municipios, para a xestión dos seus intereses e no ámbito das súas competencias, poden promover actividades e prestar os servizos públicos que contribúan a satisfacer as necesidades e aspiracións da comunidade veciñal, correspondéndolle como competencia propia, entre outras, a avaliación e información de situacións de necesidade social e atención inmediata a persoas en situación ou risco de exclusión social.

A Lei 3/2011, do 30 de xuño, de apoio á familia e á convivencia de Galicia, garante a protección total da familia; en especial, a das familias valoradas de especial consideración, ás que se lles asegura un trato preferente nos ámbitos educativos, da vivenda, cultura, novas tecnoloxías etc. Así mesmo, o artigo 8 desta lei atribúe tamén competencias aos municipios para a execución de programas e proxectos destinados á atención das familias.

A Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación (BOE/BOE do 4 de maio) establece no artigo 4, que o ensino básico é obrigatorio e gratuito para todas as persoas. Así mesmo, o artigo 83 prevé a existencia de bolsas e axudas ao estudo para garantir a igualdade no exercicio do dereito á educación.

Finalmente, a Lei 13/2008, do 3 decembro, de Servizos Sociais de Galicia, atribúe ás Corporacións Locais a creación e xestión dos servizos comunitarios básicos, configurándose como servizos de carácter integrador e principal instancia do sistema galego de servizos sociais para o desenvolvemento de intervencións de carácter preventivo, de atención integral a persoas, familias e de incorporación socio-laboral e habilita expresamente aos concellos para conceder axudas económicas destinadas a apoiar o coidado dos menores, paliar situacións transitorias de necesidade, garantir un mínimo de subsistencia e reforzar procesos de integración familiar e inclusión social.

Por todo isto, apróbase a concesión de bolsas complementarias ao estudo para o curso 2025/2026 no marco xurídico definido pola Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, os preceptos básicos da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeneral de subvencións, o Real Decreto 887/2006, do 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei 38/2003, as Bases de execución do orzamento municipal e a demais normativa de aplicación.

CSV: 07E9000B6C2100P5H7P6T4M1G1

FIRMANTE - FECHA

ALFREDO LAUDELINO GARCIA RODRIGUEZ-Alcalde/Presidente - 30/04/2025
serialNumber=S2833002E,CN=Sello de tiempo TS@ - @firma,OU=Secretaría General de Administración Digital,O=Secretaría de Estado de Función Pública,C=ES - 30/04/2025 11:05:00

EXPEDIENTE ::
2025SOC000000059

Fecha: 28/04/2025

Hora: 00:00

Und. reg: REGISTRO GENERAL



BASES

1.- OBXECTO E FINALIDADE

A presente convocatoria ten por obxecto a concesión de axudas para a adquisición de libros de texto e material escolar complementario destinadas ao alumnado empadroadado e escolarizado nalgún dos cursos de segundo ciclo de Educación Infantil (3,4,5 anos) nos centros de ensino do Concello para o curso 2025/2026.

A finalidade das axudas é garantir a igualdade no dereito de acceso á educación, promovendo a equidade no sistema educativo público e colaborando coas familias que teñen maiores dificultades socioeconómicas no esforzo que implica o inicio do curso escolar. Con estas bolsas, preténdese apoiar ás unidades familiares con insuficiencia de recursos económicos que teñen dificultades para facer fronte os gastos asociados á compra de libros e material escolar, contribuíndo á equidade social e educativa.

As bolsas outorgaranse en réxime de concorrência competitiva, baixo os principios de publicidade, transparencia, obxectividade, igualdade e non discriminación.

2.- COMPATIBILIDADES DAS AXUDAS

As axudas que se concedan ao amparo desta convocatoria non serán compatibles con calquera outra axuda ou subvención que se perciba para a mesma finalidade procedente de outras entidades públicas ou privadas. Tampouco se concederán axudas para os cursos xa subvencionados pola Administración Autónoma ou Estatal. Igualmente, non se subvencionarán os cursos considerados gratuítos.

3.- DOTACIÓN ORZAMENTARIA.

A dotación orzamentaria para a concesión destas axudas está recollida na partida **2025-231/48900** do Orzamento Municipal para o ano 2025, cun importe total de **6.000,00 €**, que se destinarán á cobertura das axudas para a adquisición de libros de texto e material escolar.

4.- PERSOAS BENEFICIARIAS E REQUISITOS

- **Persoas solicitantes:**

Poderán solicitar estas axudas as nais, os pais, os titores legais ou as persoas encargadas temporal ou definitivamente da garda e atención do alumnado beneficiario.

- **Requisitos para ser beneficiario:**

Terán a condición de beneficiarios das bolsas o alumnado que cumpran os seguintes requisitos xerais na data da finalización do prazo de presentación de solicitudes:

- a) O alumnado debe estar **matriculado no segundo ciclo de Educación Infantil** (3,4, 5 anos) en calquera dos centros educativos do Concello do Barco de Valdeorras durante o curso 2025-2026.

CSV: 07E9000B6C2100P5H7P6T4M1G1

FIRMANTE - FECHA

ALFREDO LAUDELINO GARCIA RODRIGUEZ-Alcalde/Presidente - 30/04/2025
serialNumber=S2833002E,CN=Sello de tiempo TS@ - @firma,OU=Secretaría General de Administración Digital,O=Secretaría de Estado de Función Pública,C=ES - 30/04/2025 11:05:00



- b) A persoa solicitante así como o alumnado beneficiario da mesma, encóntrense **empadroados e teñan residencia efectiva** no concello de O Barco de Valdeorras no momento de presentar a solicitude ata o final do procedemento.
- c) A **renda da unidade familiar deberá ser inferior a 21.000 euros anuais/netos**. No caso de superar esta cifra, a **renda per capita (R.P.C) non debera ser superior 4.630€ por unidade familiar**.
- d) **O solicitante deberá declarar que non percibe nin solicitou outras axudas polo mesmo concepto, coa finalidade de evitar duplicidade de subvencións.**
- e) **Todos os requisitos deben cumprirse desde a data de presentación da solicitude ata a o finalización do procedemento.**

Excepción:

As persoas beneficiarias destas axudas non lles serán de aplicación as prohibicións previstas no artigo 13.2 da Lei 38/2003, Xeral de Subvencións, nin o requisito establecido no artigo 2.2.a) da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, modificado pola Lei 4/2021, do 28 de xaneiro, de medidas fiscais e administrativas. En consecuencia, exceptúase a obriga de acreditar o cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social para obter a condición de persoa beneficiaria.

Esta excepción fundamentase na natureza asistencial destas axudas, destinadas a garantir o acceso efectivo a un dereito constitucional de carácter obrigatorio e gratuíto como é o dereito á educación. Dado que os destinatarios finais son menores de idade escolarizados no segundo ciclo de Educación Infantil, considérase axeitado aplicar esta excepción conforme á normativa vixente.

5.- CONSIDERACIÓN DE UNIDADE FAMILIAR.

A unidade familiar, para os efectos desta subvención, estará composta polas persoas que convivan no mesmo domicilio na data de presentación da solicitude, segundo os seguintes criterios:

- a) O pai e a nai, o titor ou titores legais, ou as persoas encargadas da garda e custodia do alumnado.
- b) Os irmáns ou irmás solteiros/as menores de 25 anos, así como os/as maiores de idade cando se trate de persoas con discapacidade.
- c) O/a novo/a cónxuxe ou persoa unida por análoga relación ao pai, á nai, ou ao titor/a, que resida no domicilio familiar coa persoa proxenitora do alumno/a, agás no caso de custodia compartida, no que se considerará unha unidade familiar distinta, composta polos fillos que teñen en común os proxenitores.
- d) Os ascendentes do solicitante (avós/avoas do alumnado beneficiario) que convivan no mesmo domicilio.
- e) No caso de separación, divorcio ou cesamento da convivencia dos proxenitores co/a menor solicitante, considerarase como unidade familiar aquel proxenitor que teña a custodia e que conviva co/a menor. No caso de custodia compartida, considerarase a situación de ambos proxenitores.

CSV: 07E9000B6C2100P5H7P6T4M1G1

FIRMANTE - FECHA

ALFREDO LAUDELINO GARCIA RODRIGUEZ-Alcalde/Presidente - 30/04/2025
serialNumber=S2833002E,CN=Sello de tiempo TS@ - @firma,OU=Secretaría General de Administración Digital,O=Secretaría de Estado de Función Pública,C=ES - 30/04/2025 11:05:00

EXPEDIENTE ::
2025SOC000000059
Fecha: 28/04/2025
Hora: 00:00
Und. reg: REGISTRO GENERAL



f) No caso de que o/a menor se atope en situación de acollemento legal ou administrativo, considerarase como unidade familiar a familia de acollida, conforme aos criterios establecidos.

Non se considera membro da unidade familiar:

- a) A persoa proxenitora que non conviva co alumnado nos casos de separación legal o divorcio, excepto no caso de custodia compartida.
- b) O agresor nos casos de violencia de xénero.

6.- CRITERIOS DE VALORACIÓN ECONÓMICA.

A valoración económica realizarase en función dos ingresos familiares, que deben ser **inferiores a 21.000 € anuais netos** ou, se superan esa cantidade, non deberán exceder o **R. P. C. de 4.630 €** por unidade familiar como se establece nas bases no punto 4. C

Os ingresos da unidade familiar calcularanse sumando os rendementos de todos os membros computables da unidade familiar, aos que se lles aplicará uns descontos ou deducións en función das circunstancias sociais e familiares acreditadas. A fórmula para calcular a renda computable será a seguinte:

$$\text{INGRESOS} - \text{DESCONTOS} = \text{RENTA COMPUTABLE.}$$

A. Considéranse ingresos:

Para o calculo da renda da unidade familiar, sumaranse os ingresos obtidos por cada un dos membros da unidade de convivencia segundo establecido no punto 5 das bases.

A renda familiar obtense pola agregación dos ingresos de cada un dos membros computables que obteñan rendas de calquera natureza, de conformidade coa normativa reguladora do imposto sobre a Renda das Persoas Físicas (IRPF).

Todos os membros computables deberán prestar **declaración da renda correspondente o exercicio 2023** ou, no seu defecto, por non estar obrigado a elo achegarán o **certificación de imputacións do exercicio 2023**.

- No caso de presentar declaración da renda sumaranse a base imponible xeral (recadro 435) e a base imponible do aforro (recadro 460) da declaración correspondente (ou os recadros equivalentes que permitan obter a mesma información, se for o caso). e a declaración é individualizada, sumaranse os importes de cada membro da unidade familiar maior de 18 anos.
- No caso de non presentar declaración da renda, será obrigatorio presentar o certificado de imputacións da Axencia Tributaria correspondente ao exercicio 2023 e terase en conta os ingresos de acordo so datos facilitados por dito certificado de imputacións do ano 2023 (rendementos + ganancias patrimoniais - gastos deducibles)

Tamén se incluírán os ingresos procedentes de **pensións alimenticias** establecidas en convenio regulador, agás no caso de que houboese falta de pagamento, situación na que será necesario achegar a denuncia correspondente.

CSV: 07E9000B6C2100P5H7P6T4M1G1



Para o cálculo económico terase en conta os ingresos de todos os membros computables da unidade familiar, nos seguintes termos:

1. Ingresos dos pais/nais do alumno/a ou parella de relación análoga ou do propio alumno/a: 100%,
2. Ingresos que proveñen dos irmáns/as e o avós/as 50%

1 Descontos/deducións por situación sociais-familiar.

Practicaranse descontos porcentuais sobre os ingresos da unidade familiar, por estar incurso nunha situación socio-familiar, debidamente acreditado no momento da solicitude.

Concepto do Desconto		Desconto
1. Vivir nun piso de aluguer ou pagar hipoteca		10%
2. Atoparse en situación de discapacidade ou dependencia dalgún dos membros computables		20%
3. Familia monoparental		20%
4. Pertencer a familia numerosa		20%
5. Situación de violencia de xénero		20%
6. Situación laboral actualizada dos proxenitores con respecto ao desemprego de máis de 6 meses	6.1 Un proxenitor ou parella en desemprego e con prestación	10%
	6.2 Un proxenitor ou parella en desempregado e sen prestación	20%
	6.3 Ambos os proxenitores ou parella en desemprego e con prestación.	25%
	6.4 Ambos os proxenitores ou parella en desemprego sen prestación e sen outros ingresos.	40%

7.- LUGAR E PRAZO DE PRESENTACIÓN DE SOLICITUDES.

As solicitudes deberán presentarse utilizando os modelos normalizados que se achegan a estas bases e que estarán dispoñibles:

- Nas dependencias do Departamento de Servizos Sociais do Concello do Barco de Valdeorras.
- No taboleiro de anuncios da sede electrónica municipal (<https://sede.concellodobarco.org>).

As solicitudes deberán ir debidamente cubertas e asinadas, e deberán acompañarse da documentación requirida nestas bases, presentándose dentro do prazo establecido polos seguintes medios:

a) Presentación electrónica:

A través do Rexistro electrónico da sede electrónica do Concello do Barco de Valdeorras: <https://sede.concellodobarco.org>

CSV: 07E9000B6C2100P5H7P6T4M1G1



b) Presentación presencial:

No Rexistro Xeral do Concello do Barco de Valdeorras (edificio Multiusos, Praza do Concello nº 2), en horario de 9:00 a 14:00 horas, de luns a venres, en días hábiles.

c) Outras formas de presentación:

Tamén poderá presentarse por calquera dos medios previstos no artigo 16 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

Prazo de presentación:

O prazo para presentar as solicitudes será desde o día seguinte á publicación do extracto desta convocatoria no *Boletín Oficial da Provincia de Ourense*, a través da Base de Datos Nacional de Subvencións, ata o **30 de xuño de 2025**, incluído.

8.- DOCUMENTACIÓN QUE DEBE ACOMPAÑAR Á SOLICITUDE.

8.1. DOCUMENTACIÓN OBRIGATORIA:

Deberá presentarse a seguinte documentación :

1. **Impreso de solicitude (ANEXO I):**
Cuberto e asinado polo pai, nai, titor/a ou persoa con custodia legal do menor. Só se presenta unha solicitude por unidade familiar, indicando todos os menores polos que se solicita a axuda.
2. **Copia do documento identificativo (DNI/ NIE/pasaporte)** de todos os membros computables da unidade familiar maiores de 14 anos.
3. **Volante de empadramento colectivo.**
4. **Libro de familia completo** ou documento equivalente onde conste o/a alumno/a e os demais membros da unidade familiar.:Se non se dispón de Libro de Familia (caso de familias estranxeiras), achegar partidas de nacemento ou documentos oficiais equivalentes.
5. **Certificado do centro escolar** no que o/a menor está matriculado/a ou preinscrito/a para o curso **2025-2026**, e especificando **o curso** que esta inscrito.
6. **Declaración da Renda do exercicio 2023, ou se non se presentou declaración, certificado de imputacións da AEAT do ano 2023, de toda la unidade familiar.**
7. **En caso de separación/divorcio ou cesamento de convivencia entre os proxenitores:**
 - o Sentenza de separación ou divorcio e, se existe, convenio regulador.
 - o Xustificante do pagamento ou non pagamento das pensións alimenticias ou compensatorias.
 - o En caso de garda e custodia compartida, documentación acreditativa e declaracións de ingresos de ambos proxenitores.
 - o Para países sen convenio, documentación acreditativa do acordo de custodia e estancia en España.
8. **En caso de acollemento familiar:**Resolución administrativa ou xudicial e, se procede, xustificante da remuneración percibida.
9. **Declaración responsable (ANEXO II):** Este deberá presentarse no suposto de que algún documento non se poida presentar por causa xustificada ou por impedimento legal ou administrativo se entregara esta declaración explicando os motivos.

CSV: 07E9000B6C2100P5H7P6T4M1G1

FIRMANTE - FECHA

ALFREDO LAUDELINO GARCIA RODRIGUEZ-Alcalde/Presidente - 30/04/2025
serialNumber=S2833002E,CN=Sello de tiempo TS@ - @firma,OU=Secretaría General de Administración Digital,O=Secretaría de Estado de Función Pública,C=ES - 30/04/2025 11:05:00

EXPEDIENTE ::
2025SOC000000059
Fecha: 28/04/2025
Hora: 00:00
Und. reg: REGISTRO GENERAL



O Concello poderá solicitar documentos adicionais ou os orixinais para comprobación ou compulsa. En casos especiais, poderá solicitarse tamén informe dos Servizos Sociais.

8.2. DOCUMENTACIÓN OPCIONAL PARA APLICAR DESCONTOS SOCIAIS

Só debe presentarse se se desexa que se apliquen os **descontos por situacións sociofamiliares** (ver punto 6.B). Se non se xustifican correctamente, non se aplicará o desconto correspondente.

Situación a acreditar	Documentación requirida
Alugueiro	Contrato de alugueiro e último recibo de pago.
Hipoteca	Xustificante bancario que identifique ao titular e o inmovble. E ultimo recibo
Discapacidade/Dependencia	Certificado do EVO ($\geq 33\%$), tarxeta de discapacidade, ou certificado da Seguridade Social (Incapacidade permanente) / certificado de dependencia.
Familia monoparental	Volante de convivencia e documentación que acredite a situación: sentenza con custodia única, certificado de defunción, libro de familia en solitario ou certificado de monoparentalidade da Xunta.
Familia numerosa	Copia do título de familia numerosa vixente.
Violencia de xénero	Orde de protección, sentenza ou certificado do CIM.
Desemprego superior a 6 meses	Estes 3 documentos. 1) Certificado de prestacións do SEPE co importe das prestacións, 2) Certificado do tempo de desemprego do servizo ¡do SPEG 3) Vida laboral actualizada.

9.- TRAMITACIÓN E RESOLUCIÓN

9.1. Emenda de solicitudes.

Finalizado o prazo de presentación de solicitudes, o Departamento de Servizos Sociais será o órgano instrutor encargado da comprobación dos requisitos e da documentación presentada.

Nos casos nos que a *documentación obrigatoria* veña incompleta ou defectuosa, notificaráselle á persoa interesada para que a emende *no prazo de 10 días hábiles* desde o día seguinte á notificación. Se non o fai, considerarase que desiste da súa solicitude, mediante resolución conforme ao artigo 21 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

Calquera dúbida poderá consultarse no Departamento de Servizos Sociais do Concello do Barco de Valdeorras (Praza do Concello nº 1, 988 320 202 - ext. 2168).

9.2. Valoración das solicitudes

O Departamento de Servizos Sociais, como órgano instrutor, valorará as solicitudes aplicando os seguintes criterios:

CSV: 07E9000B6C2100P5H7P6T4M1G1

FIRMANTE - FECHA

ALFREDO LAUDELINO GARCIA RODRIGUEZ-Alcalde/Presidente - 30/04/2025
serialNumber=S2833002E,CN=Sello de tiempo TS@ - @firma,OU=Secretaría General de Administración Digital,O=Secretaría de Estado de Función Pública,C=ES - 30/04/2025 11:05:00

EXPEDIENTE ::
2025SOC000000059
Fecha: 28/04/2025
Hora: 00:00
Und. reg: REGISTRO GENERAL



1. A ordenación realizarase de menor a maior contía de ingresos netos familiares, conforme á base 6.
2. As solicitudes que cumpran os requisitos serán seleccionadas e ordenadas segundo os devanditos criterios.
3. As solicitudes que non reúnan os requisitos serán denegadas, indicando o motivo da denegación.

9.3. Comisión Técnica de Valoración.

Revisados os expedientes e completados, constituirase unha Comisión Técnica de Valoración que estará integrada por:

- O presidente: o Sr. Alcalde/Presidente do Concello do Barco de Valdeorras ou outro membro da corporación en quen dita persoa titular delegue,
- Dous vocais empregados do departamento de Servizos Sociais do Concello,
- Un/unha secretario: un funcionario do Concello.

O órgano instructor, á vista do expediente e do informe do órgano Colexiado, formulará a proposta de resolución provisional, debidamente motivada, que será fiscalizada e enviada á alcaldía para a aprobación das axudas como órgano competente para a resolución.

9.4 Contía da axuda

O orzamento total destinado a estas axudas non superará os **6.000 €**.

A contía individual das axudas será:

Ingresos anuais (ou R.P.C. < 4.630 €/ano)	Contía máximas por menor
0 € - 12.000 €	95 €
12.001 € - 17.000 €	85 €
17.001 € - 21.000 € ou R.P.C. < 4.630 €	75 €

En calquera caso, a axuda total concedida non excederá de 300 euros por cada unidade familiar.

En ningún caso o importe da axuda outorgada poderá ser superior o gasto total do custe dos libros de texto e material escolar do centro matriculado.

O importe final da axuda pode variar en función dos créditos dispoñibles, do número de solicitudes etc. No caso de que o importe conxunto das subvencións outorgadas sexa superior ao importe máximo establecido para o conxunto das axudas (6.000 €), procederase á redución proporcional da contía das mesmas.

Ao mesmo tempo o importe da subvención non excederá por si soa o 100 % do custe total de adquisición de libros e material escolar por menor.

9.5 Notificación e publicidade da resolución de concesión.

O órgano instructor notificará a resolución do procedemento de concesión das axudas a todas as persoas solicitantes mediante **notificación colectiva**, que se realizará a través da súa publicación:

CSV: 07E9000B6C2100P5H7P6T4M1G1

FIRMANTE - FECHA

ALFREDO LAUDELINO GARCIA RODRIGUEZ-Alcalde/Presidente - 30/04/2025
serialNumber=S2833002E,CN=Sello de tiempo TS@ - @firma,OU=Secretaría General de Administración Digital,O=Secretaría de Estado de Función Pública,C=ES - 30/04/2025 11:05:00

EXPEDIENTE ::
2025SOC000000059
Fecha: 28/04/2025
Hora: 00:00
Und. reg: REGISTRO GENERAL



- No **taboleiro de anuncios do Departamento de Servizos Sociais** do Concello do Barco de Valdeorras.
- No **taboleiro de edictos dixital da sede electrónica municipal**, accesible a través da seguinte ligazón: <https://www.sede.concellodobarco.org>.
- E na **Base de Datos Nacional de Subvencións (BDNS)**, conforme ao artigo 18 da Lei Xeral de Subvencións.

Dita resolución colectiva expresará de forma motivada o resultado do procedemento para cada persoa solicitante, indicando:

- A **relación de persoas beneficiarias**, identificadas co seu nome ou co número de identificación (seguindo criterios de protección de datos), co **importe da axuda concedida**,
- A **relación de solicitudes denegadas**, especificando para cada unha delas os **motivos concretos de denegación** (ex.: falta de documentación, superación de limiares de renda, incumprimento de requisitos formais, etc.).

A notificación entenderase realizada para todos os efectos legais o día da súa publicación no taboleiro da sede electrónica municipal. A partir desa data comezarán a contar os prazos para interpoñer os recursos procedentes.

O prazo de resolución e notificación será de 4 meses desde data límite de presentación de solicitudes.

O vencemento do prazo de resolución sen que se notificou a resolución, lexítima as persoas interesadas a entender desestimada a súa solicitude por silencio administrativo.

A resolución recaída neste procedemento pon fin á vía administrativa e contra ela poderá interpoñerse recurso potestativo de reposición, no prazo dun mes contado a partir do día seguinte á notificación da resolución ante o mesmo órgano que a ditou ou ser impugnada directamente ante a orde xurisdiccional contenciosa-administrativa, no prazo de dous meses, contados a partir do día seguinte ao da notificación da resolución.

10.- FORMA, PAGAMENTO E XUSTIFICACIÓN DA SUBVENCIÓN.

10.1 Entrega dos bonos

Unha vez ditada a resolución pola cal se concede a axuda, procederase á entrega dun **BONO/VALE CAMBIABLE**, que será único por cada alumno.

A persoa beneficiaria deberá **acudir ao Departamento de Servizos Sociais do Concello do Barco de Valdeorras** para recoller o bono no prazo de **un mes** desde que se resolva o proceso de concesión. No caso de que o bono non se retire no prazo establecido, entenderase que existe **renuncia tácita** á axuda, procedéndose á **anulación do bono**. Da mesma forma, anularanse os bonos cando se presente **renuncia expresa** por parte da persoa beneficiaria.

10.2 Uso dos bonos e facturación.

CSV: 07E9000B6C2100P5H7P6T4M1G1

FIRMANTE - FECHA

ALFREDO LAUDELINO GARCIA RODRIGUEZ-Alcalde/Presidente - 30/04/2025
serialNumber=S2833002E,CN=Sello de tiempo TS@ - @firma,OU=Secretaría General de Administración Digital,O=Secretaría de Estado de Función Pública,C=ES - 30/04/2025 11:05:00

EXPEDIENTE ::
2025SOC000000059
Fecha: 28/04/2025
Hora: 00:00
Und. reg: REGISTRO GENERAL



Unha vez en posesión do bono, a persoa beneficiaria poderá adquirir os libros e material escolar nas LIBRERÍAS COLABORADORAS informadas previamente, polo importe máximo que figure no devandito documento antes do **24 de outubro de 2025**. Os **bonos non poderán ser fraccionados**, é dicir, o importe do bono deberá ser gastado integramente nun único establecemento.

Se o importe dos materiais é inferior ao valor do bono, o establecemento deberá reflectir na factura o importe realmente gastado, que será o que se aboará desde o Concello, perdendo o beneficiario/a a diferenza.

Se o importe dos materiais é superior ao do bono, emitírase factura polo importe do bono, e a persoa beneficiaria deberá abonar directamente a diferenza.

As librerías colaboradoras entregaran os libros de texto ou material escolar e recolleran os bonos e cubríanse a obter a cesión do dereito de cobro mediante a cobertura do **Anexo III**, que deberá ser asinado pola persoa beneficiarias o propio establecemento.

10.3 Procedemento para a Selección de Librerías Colaboradoras.

O procedemento para a selección das librerías colaboradoras realizarase conforme aos seguintes criterios:

1. O Concello do Barco de Valdeorras remitirá unha invitación formal a todas as librerías con establecemento aberto no termo municipal, ofrecéndolles a posibilidade de adherirse ao programa como establecementos colaboradores para a recollida dos bonos entregados ás persoas beneficiarias.
2. A invitación incluírá as condicións de participación, os compromisos asumidos por ambas partes e o modelo de aceptación.
3. As librerías interesadas deberán **manifestar por escrito a súa aceptación** por rexistro de entrada do concello expresa do procedemento e das condicións establecidas, **nun prazo máximo de dez (10) días hábiles** dende a recepción da comunicación.
4. Para poder ser admitidas como librerías colaboradoras, deberán **estar ao corrente das súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social**.
5. Unha vez finalizado o prazo de recepción de solicitudes, o Concello procederá a notificar individualmente ás librerías que presentaron en prazo a súa intención de colaborar no procedemento.
6. No bono especificarase cales son as librerías colaboradoras no proceso.

10.4 Xustificación da subvención

As librerías colaboradoras onde se realicen as compras dos libros de texto e material escolar comprométense a presentar no Rexistro Xeral do Concello, **antes do 31 de outubro de 2025**, a seguinte documentación:

1. **Listaxe completa dos bonos recibidos** no establecemento.
2. **Todos os bonos ou vales trocados**, debidamente asinados pola persoa beneficiaria no momento da entrega do material.
3. **Anexo III**, relativo á **cesión do dereito de cobramento**, correctamente cuberto e asinado tanto pola persoa beneficiaria como polo representante do establecemento colaborador.
4. **Factura individualizada por cada bono recibido**, na que conste o detalle do material entregado, prezo unitario, importe total e número identificativo do bono emitido polo Concello.

CSV: 07E9000B6C2100P5H7P6T4M1G1

FIRMANTE - FECHA

ALFREDO LAUDELINO GARCIA RODRIGUEZ-Alcalde/Presidente - 30/04/2025
serialNumber=S2833002E,CN=Sello de tiempo TS@ - @firma,OU=Secretaría General de Administración Digital,O=Secretaría de Estado de Función Pública,C=ES - 30/04/2025 11:05:00

EXPEDIENTE ::
2025SOC000000059
Fecha: 28/04/2025
Hora: 00:00
Und. reg: REGISTRO GENERAL



11.-REINTEGRO DAS SUBVENCÍONS.

Procederá o reintegro das cantidades percibidas, así como os intereses demora, nos casos previstos na Lei Xeral de Subvencións e na Lei de Subvencións de Galicia (art. 36 e 37 respectivamente), e nos seguintes casos:

- Obtención da subvención falseando as condicións requiridas para elo ou ocultando aquelas que o impedían.
- Incumprimento total ou parcial do obxectivo que fundamente a concesión da axuda é dicir ao emprego do importe recibido para finalidades distintas a adquisición de libros de texto e material escolar solicitado polo colexio.
- Incumprimento das obrigacións impostas pola administración, así como dos compromisos asumidos polos beneficiarios das axudas, sempre que afecten ou se refiran o obxecto da subvención.

Criterios de gradación dos incumprimentos:

- Incumprimento da obrigación de xustificación: perda do dereito de cobranza do 100%.-
- Incumprimento da obrigación de xustificación en prazo: perda do dereito de cobranza do 20%.
- Obtención da axuda sen reunir os requisitos esixidos para a súa concesión, con falsificación das condicións requiridas ou ocultación daquelas que o impedisen: porcentaxe a reintegrar ou perda do dereito de cobranza do 100%.
- Por non aplicala aos fins para os que foi concedida: porcentaxe a reintegrar ou perda do dereito de cobranza do 100%.

12.- PUBLICIDADE DA SUBVENCIÓN

A publicidade da presente convocatoria, realizarase a través da Base de datos Nacional de Subvencións (BDNS), en cumprimento do establecido nos artigos 18 e 20 da Lei Xeral de Subvencións na súa redacción dada tras as modificacións introducidas pola Lei 19/2013 do 9 de decembro de transparencia, acceso á información pública e bo goberno, así como pola Lei 15/2014, do 16 de setembro, de racionalización do Sector Público e outras medidas de reforma administrativa.

